REUNIÓN DA COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Día: 16.02.2017 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 16 de febreiro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en Comisión

1.1 666 (10/POC-000047)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 2 máis
Sobre a información e as medidas adoptadas polo Goberno galego en relación coas denuncias referidas a supostos malos tratos a menores nun centro concertado de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11, do 10.11.2016

1.2 1865 (10/POC-000791)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre os datos referidos á execución do convenio asinado polo Consorcio Galego de Igualdade e Benestar co Concello de Xunqueira de Ambía para a realización das obras dunha aula social nunha das alas do antigo cuartel da Garda Civil cun orzamento de 200.000 euros, así como a solución prevista para as obras de construción dun centro da terceira idade iniciadas no ano 2002 e actualmente en estado de abandono

1.3 2625 (10/POC-000331)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 5 máis
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia encamiñadas a fomentaren unha educación en igualdade e libre de violencia de xénero
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017

1.4 2651 (10/POC-000340)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 5 máis
Sobre a construción e mellora dos centros de saúde da Valenzá (Barbadás), Pontedeva, Paderne de Allariz e O Pereiro de Aguiar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017

1.5 3088 (10/POC-000499)

Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 2 máis
Sobre as intencións do Goberno galego respecto da retirada do financiamento do programa de intervención con menores e nais vítimas de violencia de xénero na cidade de Lugo e, se é o caso, as razóns da supresión dese servizo e as previsións da ampliación dese programa a máis localidades da provincia, así como a concreción do reforzo anunciado nos orzamentos para 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49, do 20.01.2017

1.6 3777 (10/POC-000635)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da construción de novos centros de saúde nos barrios do Vinteún e de Mariñamansa, da cidade de Ourense, do calendario previsto para o inicio, a execución e o remate das obras, así como do mantemento de contactos co concello para ese fin
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 55, do 30.01.2017

1.7 3989 (10/POC-000683)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a sentenza xudicial pola que se anula o concurso para a provisión do posto de xefe do Servizo de Psiquiatría do Complexo Hospitalario de Pontevedra que tivo lugar en setembro de 2012
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 59, do 03.02.2017

1.8 4020 (10/POC-000687)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da constitución e convocatoria dos consellos de saúde de área previstos no artigo 25 da Lei 8/2008, de saúde de Galicia, así como a data de posta en marcha do correspondente á Área de Saúde de Santiago de Compostela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 59, do 03.02.2017

1.9 4122 (10/POC-000708)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as previsións do Sergas respecto do inicio da negociación sobre a mellora das condicións de traballo e salariais do persoal do Sergas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 59, do 03.02.2017

PARLAMENTO
DE GALICIA

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2017

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 16.02.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 16.02.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 666(10/POC-000047)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre a información e as medidas adoptadas polo Goberno galego en relación coas denuncias referidas a supostos malos tratos a menores nun centro concertado de Vigo

Publicación da iniciativa, 11, 10.11.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2016 18:06
Nº Rexistro: 666
Data envio: 03/11/2016 18:06:34.126

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, **Eva Solla Fernández** e **Magdalena Barahona Martín**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar** de **EN MAREA**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.ª.**

Déronse a coñecer publicamente denuncias de malos tratos a menores no centro concertado coa Xunta, Fundación Casa de Caridad de Vigo-Hogar de San José, – ás que un psicólogo dá credibilidade -, feitos que, de seren certos, serían moi graves.

Presuntamente, menores do centro terían sufrido vexacións, desatención e agresións físicas, ademais de térense realizado dentro do centro relacións sexuais entre menores, con denuncias dende hai oito anos e partes médicos en 2013 e 2014.

A Consellería de Política Social informa que ten unha investigación aberta sobre a cuestión e as últimas denuncias tamén están en poder da Fiscalía.

En atención ao referido, o Grupo Parlamentar de EN MAREA presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª:

1.- Dende cando ten constancia a Consellería de Política Social das últimas denuncias de malos tratos no centro concertado coa Xunta, Fundación Casa de Caridad de Vigo-Hogar de San José?

2.- Que medidas tomou a Consellería de Política Social dende que tivo coñecemento das últimas denuncias?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2016 18:06
Nº Rexistro: 666
Data envio: 03/11/2016 18:06:34.126

GRUPO PARLAMENTAR en marea

3.- Que medidas se teñen tomado dende a Consellería de Política Social en relación ao centro dende 2013?

4.- A que conclusións ten chegado a Consellería de Política Social sobre o caso?

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 03/11/2016 18:05:21

Eva Solla Fernández na data 03/11/2016 18:05:43

Magdalena Barahona Martín na data 03/11/2016 18:05:57

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 16.02.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 1865(10/POC-000791)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre os datos referidos á execución do convenio asinado polo Consorcio Galego de Igualdade e Benestar co Concello de Xunqueira de Ambía para a realización das obras dunha aula social nunha das alas do antigo cuartel da Garda Civil cun orzamento de 200.000 euros, así como a solución prevista para as obras de construción dun centro da terceira idade iniciadas no ano 2002 e actualmente en estado de abandono

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2016 11:12
Nº Rexistro: 1865
Data envio: 01/12/2016 11:12:18.433

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e **Davide Rodríguez Estévez,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 5.ª.**

No mes de abril do ano 2002, a Xunta de Galiza, gobernada polo Partido Popular, anuncia un orzamento de 420.708,47€ para a construción dun centro da terceira idade en Xunqueira de Ambía, que debía de estar rematado nun prazo de seis meses. A obra comeza a executarse no que hoxe é un espazo estrutural dividido pero sen chan, nin auga, nin electricidade, nin portas, nin ventas.

No mes de setembro do ano 2013, esquécese o proxecto anterior (quedando no estado no que se atopa actualmente) e anúnciase dende a Xunta de Galiza que se dotará o Concello de Xunqueira de Ambía con 800.000€ xestionados pola "Consellería de Medio Ambiente" para dotar o concello de seis vivendas sociais, local social, centro de saúde e centro de día no antigo Cuartel da Garda Civil, obra non comezada.

No mes de agosto do ano 2016, en período preelectoral, o alcalde da localidade anuncia que o día anterior asinou un convenio co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar para comezar as obras prometidas xa no ano 2013 pola propia Xunta e que permitirían, cun orzamento de 200.000€, comezar as obras dunha aula social nunha das alas do antigo Cuartel da Garda Civil.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2016 11:12
Nº Rexistro: 1865
Data envio: 01/12/2016 11:12:18.433

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Por todo o exposto, En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª:

1. A que necesidades vai responder o proxecto que se pretende executar con esa dotación de 200.000€?

2. Que prazo de execución se contempla?

3. Que solución se lle pensa dar ao proxecto inicial onde se malgastaron 420.708,47€, hai apenas 14 anos, estando actualmente en estado de abandono?

Santiago de Compostela a 1 de decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 01/12/2016 11:06:35

David Rodríguez Estévez na data 01/12/2016 11:06:41

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 16.02.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.3 2625(10/POC-000331)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia encamiñadas a fomentaren unha educación en igualdade e libre de violencia de xénero

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2016 11:19
Nº Rexistro: 2625
Data envio: 27/12/2016 11:19:56.414

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Miguel Tellado Filgueira, Marta Rodríguez Arias, Encarnación Amigo Díaz, Marián García Míguez e **Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Educar é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenos e nenas, mozos e mozas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducar implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo.

A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero. Nos últimos anos observouse un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos que inflúen no desenvolvemento da súa identidade e en como se manifesta na convivencia escolar, o que orixina un aumento dos conflitos e a resolución non pacífica destes conflitos entre os rapaces e as rapazas.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2016 11:19
Nº Rexistro: 2625
Data envio: 27/12/2016 11:19:56.414

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Co obxectivo de inverter esta tendencia a coeducación preséntase como unha das ferramentas máis útiles e potentes para poder acabar coa desigualdade, e a escola constitúe unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego:

Qué actuacións ten previsto poñer en marcha a Xunta de Galicia no ámbito educativo co fin de dar resposta á necesidade dunha educación en igualdade e libre de violencia de xénero?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/12/2016 11:16:13

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/12/2016 11:16:21

Marta Rodriguez Arias na data 27/12/2016 11:16:33

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2016 11:16:44

María Ángeles Garcia Míguez na data 27/12/2016 11:16:57

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/12/2016 11:17:05

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 16.02.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.4 2651(10/POC-000340)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 5 máis

Sobre a construción e mellora dos centros de saúde da Valenzá (Barbadás), Pontedeva, Paderne de Allariz e O Pereiro de Aguiar

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2016 16:51
Nº Rexistro: 2651
Data envio: 27/12/2016 16:51:49.217

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel Tellado Filgueira, Marta Rodríguez Arias, Encarnación Amigo Díaz e **María Ángeles García Míguez**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Unha das liñas da Estratexia Sergas é modernizar as infraestruturas da rede de Atención Primaria. O obxectivo último desta liña era e é mellorar tanto a asistencia prestada aos cidadáns como o contorno de traballo dos profesionais do sistema sanitario público de Galicia.

Nuns anos economicamente moi difíciles, nos que noutras comunidades autónomas estábanse a pechar centros de saúde, a Xunta de Galicia non so non pechou ningún, senón que procedeu a construír novos centros, ademais de reformar, mellorar e ampliar algúns dos xa existentes.

No rural de Ourense, estanse a construír, ou en proxecto, diferentes Centros de Saúde, nomeadamente A Valenzá (en Barbadás), Pontedeva, Paderne de Allariz e Pereiro de Aguiar.

Por isto, é polo que os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- En que consistirán ditas intervencións?

2.- Que melloras se esperan con estes novos Centros de Saúde?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/12/2016 16:34:03

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/12/2016 16:34:12

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/12/2016 16:34:24

Marta Rodriguez Arias na data 27/12/2016 16:34:33

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2016 16:51
Nº Rexistro: 2651
Data envio: 27/12/2016 16:51:49.217

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2016 16:34:45

María Ángeles Garcia Míguez na data 27/12/2016 16:34:53

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 16.02.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.5 3088(10/POC-000499)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da retirada do financiamento do programa de intervención con menores e nais vítimas de violencia de xénero na cidade de Lugo e, se é o caso, as razóns da supresión dese servizo e as previsións da ampliación dese programa a máis localidades da provincia, así como a concreción do reforzo anunciado nos orzamentos para 2017

Publicación da iniciativa, 49, 20.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2017 09:56
Nº Rexistro: 3088
Data envio: 10/01/2017 09:56:02.722

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, **Paula Quinteiro Araujo** e **Marcos Cal Ogando**, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª**.

A Fundación Meniñ@s é unha entidade sen ánimo de lucro que traballa na defensa dos dereitos da infancia.

Dita entidade social mantén, co financiamento da Dirección Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, un programa de intervención con menores cuxas nais foron vítimas de violencia machista, que funciona nas localidades da Coruña, Ourense, Lugo, así como na área de Vigo.

Con este programa, a Fundación Meniñ@s proporciona terapias con menores cuxas nais foron vítimas de violencia machista, para axudar ás menores a superar estas experiencias traumáticas, así como os problemas de conduta derivados desta situación de maltrato.

En Lugo, os casos de menores susceptibles de participar neste programa de intervención terapéutica son derivados dende os servizos sociais municipais, concretamente, dende a Casa da Muller, á Fundación Meniños.

Actualmente, existe incerteza sobre a continuidade do servizo na cidade de Lugo, pois a Xunta tería manifestado a intención de deixar de prestar este servizo na capital provincial para trasladalo a outras vilas, de xeito que os e as menores

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2017 09:56
Nº Rexistro: 3088
Data envio: 10/01/2017 09:56:02.722

atendidas actualmente poderían rematar as súas terapias, pero a Fundación non podería iniciar terapias con novos casos na cidade de Lugo.

En atención ao referido, a deputada que subscribe presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Ten intención a Xunta de deixar de financiar o programa de intervención con menores e nais vítimas de violencia machista na cidade de Lugo?

2.ª) De ser así, cales son as razóns de retirar dito servizo de interese fundamental para a cidade de Lugo?

3.ª) Vaise estender o programa de intervención con menores e nais vítimas de violencia machista a máis localidades da provincia?

4.ª) En que se vai concretar o prometido "reforzo do programa de atención psicolóxica especializada para as mulleres vítimas de violencia de xénero e para os seus fillos e fillas" anunciado nos Orzamentos para 2017?

5.ª) Como se vai garantir ese reforzo se o programa 313B dos Orzamentos da Xunta, de Protección e apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero, consigna como transferencias a entidades sen fin de lucro para apoio ás vítimas de violencia de xénero 239.600 €, só 45.000 € máis este ano?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 10/01/2017 09:53:23

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2017 09:56
Nº Rexistro: 3088
Data envio: 10/01/2017 09:56:02.722

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Paula Quinteiro Araújo na data 10/01/2017 09:53:33

Marcos Cal Ogando na data 10/01/2017 09:53:41

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 16.02.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.6 3777(10/POC-000635)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da construción de novos centros de saúde nos barrios do Vinteún e de Mariñamansa, da cidade de Ourense, do calendario previsto para o inicio, a execución e o remate das obras, así como do mantemento de contactos co concello para ese fin

Publicación da iniciativa, 55, 30.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 13:45
Nº Rexistro: 3777
Data envío: 19/01/2017 13:45:59.417

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Dende o Grupo Socialista consideramos unha prioridade a posta en marcha dun Plan xeral de reordenación, modernización e mellora da rede de centros de saúde de Atención Primaria, a fin de que este servizo asistencial básico sexa o máis axeitado ás necesidades actuais. Neste marco, Ourense non pode, como ocorreu nas anteriores lexislaturas dos gobernos do PP e a pesares das demandas dos veciños e veciñas de Ourense e de xeito singular dos barrios con maior poboación, quedar atrás na construción dos novos equipamentos sanitarios.

O anterior goberno socialista do Concello de Ourense permitiu poñer a disposición da Xunta de Galicia e formalizar a cesión de dúas parcelas de titularidade municipal nos barrios do Couto e do Vinteún para a construción de sendos centros de saúde. Realizouse un enorme esforzo económico e de xestión para expropiar nun tempo récord as parcelas no Couto e acadar a ocupación da parcela do Vinteún, esta última cun esforzo adicional de explanación (1.250 metros cadrados de superficie), e urbanización (284.603,62 €) por parte do concello, para adaptala ás demandas da Consellería de Sanidade.

Asemade, os socialistas xa no ano 2010 facilitaron á Xunta de Galicia 6 posibles situacións para a construción dun novo centro de saúde no barrio de Mariñamansa e o seu contorno, dando resposta á demanda trasladada polos representantes de 18 asociacións veciñais do sur da cidade na que expoñían que *"o edificio do actual Centro de Saúde de Mariñamansa, co paso do tempo quedou pequeno e non pode albergar novas infraestruturas para facer cirurxía menor, espazos para educación maternal e de fomento do aleitamento natural, etc."* e demandaban previsión de solo para novas infraestruturas sanitarias.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 13:45
Nº Rexistro: 3777
Data envio: 19/01/2017 13:45:59.417

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Pasadas xa máis de dúas lexislaturas dende o inicio dos trámites por parte do concello para poñer a dispor os terreos co único fin de que a Xunta de Galicia, dende o 2009 gobernada polo PP, comprometera e executara as 3 obras para a construción de novos equipamentos sanitarios en O Couto, O Vinteún e Mariñamansa; a día de hoxe, só se acadou a construción do Novo Centro de Saúde para o barrio do Couto, rematado recentemente e que foi licitado no ano 2012.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia a construción en Ourense de novos centros de saúde nos barrios do Vinteún e de Mariñamansa?
2. Cal é o calendario que ten previsto a Xunta de Galicia para o inicio, execución, e remate dos novos centros de saúde de Ourense, en concreto dos barrios do Vinteún e de Mariñamansa?
3. Iniciou o Goberno galego os contactos co Concello de Ourense para que no referente a cesión definitiva de terreos, xestión de licencias, modificacións precisas, etc. se acade que os dous novos centros de saúde de O Vinteún e de Mariñamansa estean rematados o antes posible?

Pazo do Parlamento, 21 de outubro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 19/01/2017 13:25:14

Raúl Fernández Fernández na data 19/01/2017 13:25:20

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 13:45
Nº Rexistro: 3777
Data envio: 19/01/2017 13:45:59.417

Grupo Parlamentario

Julio Torrado Quintela na data 19/01/2017 13:25:25

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 16.02.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.7 3989(10/POC-000683)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a sentenza xudicial pola que se anula o concurso para a provisión do posto de xefe do Servizo de Psiquiatría do Complexo Hospitalario de Pontevedra que tivo lugar en setembro de 2012

Publicación da iniciativa, 59, 03.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2017 10:42
Nº Rexistro: 3989
Data envío: 24/01/2017 10:42:28.170

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O pasado 5 de decembro de 2016 o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Pontevedra emitía unha sentencia pola que se anulaba o procedemento de concurso para a provisión do posto de xefe de Servizo de Psiquiatría do Complexo Hospitalario de Pontevedra (CHOP) celebrado en setembro de 2012. Esta sentencia ten a orixe na demanda presentada polo anterior xefe do servizo, que o foi dende 1982.

Esta sentencia amosa un procedemento viciado e tendencioso por parte do xerente do CHOP, que a demanda apunta a que ten como orixe a participación do anterior xefe de servizo en responsabilidades políticas asumidas durante o Goberno galego dos anos 2005-2009. En 2009, despois de que o citado xefe de servizo ocupara cargos de responsabilidade na Consellería de Sanidade (2005-2009), foi cesado da xefatura ao reincorporarse á súa praza, e terminou por convocarse un concurso para esa mesma praza. Como referencia da labor profesional, cabe destacar que durante os anos en que foi exercida a xefatura foron cumpríndose os obxectivos asistenciais marcados polo propio Sergas, así como desenvolvéndose accións que optimizaron o funcionamento tanto no plano asistencial como de xestión, como así foi recoñecido polo propio Sergas.

As denuncias públicas aportan probas que suxiren a preferencia no proceso de selección a favor dun candidato concreto. A sentencia xudicial recolle as situacións de indefensión vividas polo denunciante, entre as que se atopan a necesidade de ser convocados tres tribunais distintos, por erros diversos nas súas composicións e recusacións dalgúns dos seus membros, denuncias por manifesta animadversión dalgún deles cara un dos participantes no concurso, evidencias de información privilexiada cara algún dos participantes e outras cuestións de grave consideración. A sentencia recolle que durante o procedemento de selección amosouse unha ausencia de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2017 10:42
Nº Rexistro: 3989
Data envio: 24/01/2017 10:42:28.170

criterios definidos, así como arbitrariedade na avaliación e puntuación, sobre a que se menciona "*non pode obviarse a existencia dunha discrecionalidade técnica"* e considera, sobre un dos seus membros, que non son infundadas as acusacións feitas sobre a súa inimizade manifesta contra o denunciante. Considera tamén a sentencia que no proceso "*advírtense indicios respecto á falta de imparcialidade do tribunal"*. Finalmente, o fallo da sentencia apunta que o procedemento "*non se axusta a dereito*" e ordena que se anule e se reinicie.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Consellería de Sanidade da sentencia xudicial que anula o proceso de selección da praza de xefe de Psiquiatría do Complexo Hospitalario de Pontevedra?
2. Considera a Consellería de Sanidade que os feitos ocorridos son aceptables?
3. Que explicación ofrece a Xerencia do CHOP, dependente da Consellería de Sanidade, da situación producida e da sentencia xudicial?
4. Considera o Goberno galego que esta situación é aceptable no que refire á competencia e cumprimento ético por parte da Xerencia do CHOP? Considera o Goberno galego que existe motivación suficiente para esixir a adopción de medidas que modifiquen a actuación da Xerencia do CHOP?
5. Que accións ten previstas a Consellería de Sanidade para resolver o descrédito que agora mesmo se produce en torno á Xerencia do CHOP? Valora o Goberno galego cesar ao xerente do CHOP pola manifesta irregularidade cometida?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2017 10:42
Nº Rexistro: 3989
Data envio: 24/01/2017 10:42:28.170

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 24/01/2017 10:39:44

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/01/2017 10:39:50

Noela Blanco Rodríguez na data 24/01/2017 10:39:56

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 16.02.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.8 4020(10/POC-000687)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da constitución e convocatoria dos consellos de saúde de área previstos no artigo 25 da Lei 8/2008, de saúde de Galicia, así como a data de posta en marcha do correspondente á Área de Saúde de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, 59, 03.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2017 17:03
Nº Rexistro: 4020
Data envio: 24/01/2017 17:03:54.131

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Noa Presas Bergantiños** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de constituír e convocar os Consellos de Saúde de Área.

A Lei 8/2008 do 10 de xullo, de Saúde de Galiza, recolle no seu preámbulo e no texto articulado, a participación social co obxectivo de incorporar a visión e a percepción da sociedade no deseño e funcionamento nos proxectos asistenciais e na garantía de dereitos.

Así, no artigo 25 da lei, recóllese a participación territorial a través dos consellos de saúde de área, reflectindo a composición e competencias dos mesmos, integrados polos concellos comprendidos na área sanitaria correspondente, agrupacións ou federacións de asociacións veciñais con actuación no ámbito da área sanitaria, organizacións sindicais e empresariais máis representativas, cargos designados pola Xunta de Galiza e asociacións de doentes.

Lamentabelmente, a partires da entrada en vigor da devandita Lei os consellos foron constituíndose nas áreas sanitarias, mais, a negativa da Xunta de Galiza a convocalos provocou o seu esmorecemento ou desaparición.

A actual situación de deterioro da sanidade pública obriga á necesaria revitalización dos consellos de saúde de área para facer posíbel a participación social que obrigue á Administración sanitaria e ao goberno da Xunta de Galiza a escoitar as

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2017 17:03
Nº Rexistro: 4020
Data envio: 24/01/2017 17:03:54.131

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

alternativas e suxestións da cidadanía galega para mellorar este servizo público esencial para os galegos e as galegas.

Polo exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa contestación oral na Comisión 5ª:

-Cal é a razón de que o Goberno galego non teña constituídos e convocados os Consellos de Saúde de Área, contemplados no artigo 25 da Lei 8/2008 do 10 de xullo, de Saúde de Galiza?

-Teñen previsto poñelos en marcha?, de ser así en que data?

-Cando van poñer en marcha o Consello de Saúde de Área de Compostela, comprometida polo Partido Popular?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Noa Presas Bergantiños
Luis Bará Torres
Ana Belén Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2017 17:03
Nº Rexistro: 4020
Data envio: 24/01/2017 17:03:54.131

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2017 16:42:06

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2017 16:42:12

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2017 16:42:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2017 16:42:18

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2017 16:42:20

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2017 16:42:21

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 16.02.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.9 4122(10/POC-000708)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do Sergas respecto do inicio da negociación sobre a mellora das condicións de traballo e salariais do persoal do Sergas

Publicación da iniciativa, 59, 03.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 17:29
Nº Rexistro: 4122
Data envio: 26/01/2017 17:29:01.492

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Noa Presas Bergantiños** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á recuperación dos acordos de mellora de condicións de traballo e salariais do persoal do Sergas.

O sangrado do sistema sanitario público de Galiza é unha constante, é a folla de ruta do PP á fronte do Goberno galego. Dentro deste sangrado os profesionais son dos principais damnificados por unha política de persoal que maltrata ao persoal fixo e que maltrata ao persoal contratado.

Se estamos na senda da recuperación económica, e froito disto o Presidente da Xunta decreta para el, e para os altos cargos do seu goberno un incremento salarial do 7.5% e do 7% respectivamente; non pode seguir conxelando as retribucións do persoal indefinidamente, nin a mellora das súas condicións laborais.

É precisa a reposición de todos os dereitos laborais, económicos e sociais que durante estes anos lle foron eliminados aos traballadores e traballadoras do sistema sanitario público de Galiza.

É evidente que coa recuperación das dúas pagas extraordinarias neste ano 2017 non queda saldada a débeda que a Xunta do PP ten c@s traballadores/as.

A recuperación dos acordos non é un incremento salarial, senón respectar o dereito das/os traballadoras/es da Sanidade Pública a recuperar os salarios detraídos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 17:29
Nº Rexistro: 4122
Data envio: 26/01/2017 17:29:01.492

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nestes anos. Xa que estes salarios son froito da negociación colectiva na Mesa Sectorial, e coma tales acordos teñen carácter de norma.

Coa escusa da crise a Consellaría de Sanidade, dun xeito unilateral, deixou en suspenso a aplicación dos acordos asinados aos que se chegara en canto a melloras retributivas e nas condicións de traballo.

Por as razóns expostas, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

-Vai o SERGAS iniciar a negociación, na Mesa Sectorial de Sanidade, da recuperación dos acordos de mellora de condicións de traballo e salariais so seu persoal, conxelados desde o ano 2010?

-De ser así en que data ten previsto facelo?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Noa Presas Bergantiños
Luis Bará Torres
Ana Belén Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 17:29
Nº Rexistro: 4122
Data envio: 26/01/2017 17:29:01.492

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 26/01/2017 17:23:38

Ana Pontón Mondelo na data 26/01/2017 17:23:44

Olalla Rodil Fernández na data 26/01/2017 17:23:47

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/01/2017 17:23:55

Noa Presas Bergantiños na data 26/01/2017 17:23:57

Xosé Luis Bará Torres na data 26/01/2017 17:24:01